

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 02/03/2013.

Concelleiros presentes:

D. Secundino García Casal.
D. Manuel Varela Mecías.
D^a María del Carmen Muiño Filgueira.
D^a María Amparo Calvo González.
D. Jesús Manuel Soto Vivero.
D^a Ana Belén Breijo Gundín.
D^a María del Carmen García Pérez.
D. Plácido López Loureiro.
D. Hipólito Díaz Silva.
D. Fernando Márquez Hermida.
D^a Silvia Fernández Muiño.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e dous minutos do día dous de marzo de dous mil trece, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión extraordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día doce de xaneiro do presente ano dous mil trece. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non habéndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

SEGUNDO. RATIFICACIÓN E TOMA DE RAZÓN DE ACORDOS E RESOLUCIÓN.

Dase conta de dous acordos da Xunta de Goberno que precisan ratificación por afectar a competencias do Pleno, favorablemente dictaminados pola Comisión Informativa competente do Concello e doutros dous asuntos dos que o Sr. Alcalde considera procedente dar conta ó Pleno:



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

2º-1.- Acordo da Xunta de Goberno Local de data do 21/01/13, polo que se dispón a aplicación do incremento correspondente ó IPC ós tributos locais en cuxas ordenanza fiscais se contén esa previsión, que literalmente di:

“SÉTIMO. ACORDOS PARA ACTUALIZACIÓN DE IMPORTES DE TRIBUTOS POR APLICACIÓN DO I.P.C.

Dase conta da necesidade de actualizar os cadros de tarifas de varias ordenanzas fiscais do Concello, nas que estaba prevista esa actualización automática e por unha contía equivalente ó incremento experimentado polo índice de prezos ó consumo anual (de decembro de 2011 a decembro de 2012) publicado polo Instituto Nacional de Estatística. No expediente tramitado a tal finalidade, figura unha relación das contías desas tarifas, xa actualizadas mediante a aplicación do referido coeficiente, que para o periodo indicado é do 2,9%.

A Xunta, previa breve deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar a actualización dos cadros de tarifas das ordenanzas fiscais de que se trata para a presente anualidade 2013, ordeando a exposición ó público dos novos cadros tarifarios mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na páxina web, e que se someta o presente acordo á ratificación do Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre.”

2º-2.- Acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na súa sesión do 21/02/13, resolvendo solicitude de alleamento dunha finca sobrante de concentración parcelaria na parroquia de Lamas, concretamente a número 59-1 do polígono 503, que ten unha superficie de 660 m² e que xa fora expresamente declarada sobrante de vía pública polo Concello hai anos con posterioridade á convocatoria de varias poxas consecutivas, para facilitar a súa adquisición por propietarios de fincas colindantes, que literalmente di:

“Dase conta da solicitude formulada por Celso Graña González, de venda directa polo Concello dunha parcela sobrante de concentración parcelaria na parroquia de Lamas colindante con outras da súa propiedade, concretamente a nº 59-1 do polígono 503, cuxa superficie é de 660 m², declarada expresamente sobrante de vía pública e susceptible de alleamento directo, preferentemente para a súa incorporación a fincas lindantes. A parcela de que se trata quedou sen adxudicar tras varias subastas organizadas polo Concello a partires do ano 1999. O seu tipo de saída na última subasta celebrada foi de 52.000 pesetas.

A Xunta, previa breve deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda acceder ó solicitado, dispoñendo o alleamento da finca de que se trata en favor do solicitante, polo prezo de 312 euros, ordear que se someta o presente acordo á ratificación do Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre e facultar ó Sr. Alcalde Presidente para a sinatura dos documentos e



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

escrituras necesarios para a plena efectividade do presente acordo.”

A Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda ratificar os dous acordos de que se trata.

2º-3.- Dase conta de seguido da Resolución da Alcaldía de data do 23/02/13, pola que se adiantan as datas de aboamento das pagas extras do presente ano 2013 ás persoas que prestan os seus servizos ó Concello, que li teralmente di:

“ANTECEDENTES

Os orzamentos municipais para o ano 2013 ficaron aprobados definitivamente dende o día 13/02/2013, logo da súa publicación inicial no BOP e transcorrido o prazo legal establecido sen que houbese alegacións.

Con data do 08/09/2012 o Pleno do Concello de San Sadurniño acordou compensar ó persoal municipal pola perda do poder adquisitivo, por mor da decisión do goberno do Estado de suprimirilles a paga extra do mes de decembro de 2012.

No marco da normativa vixente e do principio de autonomía local, o Concello asume exercitar lexitimamente as súas competencias e tomar as medidas orgánicas precisas para executar a compensación económica do persoal ó servizo do Concello.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Os orzamentos municipais ficaron aprobados definitivamente o día 13/02/2013
- O Pleno do Concello de San Sadurniño, con data do 08/09/2012 acordou compensar ó persoal municipal pola perda do poder adquisitivo, por mor da supresión da paga extra do mes de decembro de 2012.
- O Alcalde, de cara a facer efectivo o mandato precedente, mantivo negociacións cos representantes sindicais co obxectivo de consensuar un método para facer efectiva a dita compensación, e finalmente acadouse un acordo que se recolle nesta resolución.
- O Secretario-interventor municipal emitiu con data 23/02/2013 un informe favorable a este respecto.

De conformidade co exposto,

RESOLVO

1. Ordenar para o exercicio económico 2013, as normas orzamentarias que van rexer a forma de percepción das pagas extraordinarias do persoal ó servizo do Concello, de cara a compatibilizar as medidas extraordinarias de racionalización e redución do gasto, coa mitigación, na medida do legalmente posible, do impacto desas medidas nas economías domésticas das persoas afectadas.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

2. Esta resolución é de aplicación a todo o persoal ó servizo do Concello de San Sadurniño durante o ano 2013.
3. A vixencia desta resolución esténdese ó exercicio económico de 2013, e non altera o réxime substantivo nin a periodicidade coa que se xeran as retribucións das pagas extraordinarias.
4. Unha vez aprobada a presente resolución o Concello procederá a adiantar ós últimos días de febreiro e ós primeiros días do mes de xullo de 2013 o aboamento das pagas extraordinarias correspondentes ó devandito exercicio económico. Este método non suporá ningún incremento nas retribucións que se teñan establecidas para este exercicio nin modificacións nos obxectivos de déficit público e estabilidade orzamentaria do Concello.
5. No caso de que se prevexa que algunha persoa contratada polo Concello de San Sadurniño vai ter unha relación laboral inferior a un ano, adiantaráselle a parte proporcional correspondente de paga extraordinaria.
6. No suposto que unha vez anticipado o aboamento da paga extraordinaria, a relación laboral finalice, por calquera causa, con anterioridade ó prazo previsto, practicarase a oportuna liquidación ó persoal afectado e, no seu caso, reclamarase a devolución da contía percibida en exceso.
7. Do contido da presente Resolución darase conta á Xunta de Goberno Local e ó Pleno do Concello nas primeiras sesións que estes órganos celebren."

O Sr. Márquez pregunta se os traballadores do Concello están de acordo co resolto, respostándolle o Sr. Alcalde que si, que os representantes de todo o persoal asinaron un acordo manifestando a súa conformidade, e que se trata de compensar, sen incumprir a lei, a perda de poder adquisitivo do persoal, segundo a moción aprobada no mes de setembro de 2012, e na liña da lei recentemente publicada polo goberno vasco.

O Sr. Márquez di que non se compensa perda algunha de poder adquisitivo, senon que simplemente se adianta a data de cobro dunhas pagas. O Sr. Alcalde di que espera que máis adiante sexa legalmente posible facer efectiva a compensación de que se trata.

2º-4.- Dase conta finalmente do nomeamento pola Alcaldía, como persoal laboral temporal a tempo parcial, mediante Resolución de data do 08/02/13, da persoa que superou coa puntuación máis alta a selección para a provisión dunha praza de axente TIC da rede CeMIT, recentemente realizada polo Concello, que é Carmen Suárez Nieto.

A Corporación queda enterada do contido das devanditas Resolucións.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

TERCEIRO. APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE DESLINDE DE FINCA MUNICIPAL EN CURRÁS.

Dase conta do expediente tramitado a instancia dun particular propietario dunha finca colindante coa de propiedade municipal na que se ubican a piscina municipal e a área recreativa de Currás, para a realización dun deslinde entre ámbalas dúas propiedades. Obrán no expediente informe de Secretaría sobre o tema e memoria xustificativa e informe-orzamento de gastos elaborados pola arquitecta municipal, e o asunto foi dictaminado favorablemente pola comisión informativa competente deste Concello.

Por acordo do Pleno do Concello, de data do 07/07/12, iniciáronse as operacións de deslinde coordinadas pola arquitecta municipal, levantándose a correspondente Acta de apeo con data do 10/10/12.

Durante o prazo de exposición pública e tras as notificacións practicadas ás persoas que aparecen como interesadas no expediente, non se presentou alegación ou reclamación algunha.

Sometido de seguido a votación ordinaria a aprobación do deslinde de que se trata, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, presentes todos na sesión, acorda:

1º.- Aprobación do deslinde efectuado da finca de propiedade deste Concello na que se ubican a piscina municipal e a área recreativa de Currás, de conformidade coa Acta de apeo de data do 10/10/12, que obra no expediente, e á que se xuntan os seguintes documentos:

a) Plano da finca municipal da área recreativa de Currás, segundo a seguinte descrición:

ben patrimonial, propiedade deste Concello, suscrito polo Técnico topógrafo José Ramón Bermúdez Couselo, a escala 1:2000, con indicación dos puntos onde se colocarán os fitos ou marcos, e indicativo dos accidentes topográficos.

b) Acta do deslinde, suscrita polos técnicos competentes que participaron nas operacións de apeo, acompañada da documentación gráfica necesaria.

2º.- Solicitar a inscrición no Rexistro da Propiedade de Narón do deslinde de que se trata.

3º.- Proceder á colocación dos fitos ou marcos que sinalan a liña límite entre ambas fincas, de conformidade coa referida Acta de apeo.

4º.- Notificar o presente acordo ós propietarios colindantes afectados polo expediente de deslinde.

CUARTO. ELECCIÓN DE XUIZ/A DE PAZ SUSTITUTO/A

Dase conta do expediente iniciado para a elección de xuíz/a de paz sustituto/a, en cumprimento do solicitado desde o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, por estar próximo o vencemento do período de catro anos polo que se



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

nomeou ó actual. Presentáronse catro candidaturas para ocupar este posto. O asunto debe ser acordado pola maioría absoluta do número legal de membros da Corporación e, no caso de que o Concello non adopte acordo ó respecto, sería o referido Tribunal Superior quen designaría ó xuíz/a de paz sustituto/a. O asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa competente do Concello.

O Sr. Alcalde toma a palabra para indicar que das catro solicitudes presentadas dentro do prazo, soamente unha corresponde a unha persoa residente en San Sadurniño, e ademáis foi quen ditaminou favorablemente a Comisión Informativa, de maneira unánime.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, presentes todos na sesión, acorda elixir como Xuíz de Paz sustituto deste Concello a Luis Miguel Izquierdo Catalán, ordear a notificación do contido do presente acordo a todas as persoas que formularon solicitude de participación no procedemento de elección, e ordear a remisión ó Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dunha copia completa do expediente tramitado para a adopción do presente acordo, ós efectos oportunos.

QUINTO. APROBACIÓN DE REGULAMENTO DE IDENTIDADE VISUAL DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO.

Dase conta polo Sr. Soto da proposta de regulamento de que se trata, co que se trata de regularizar o uso que xa se ven facendo dos elementos de imaxe comprendidos na proposta, que é unha copia exacta do aprobado recentemente pola Deputación Provincial. Os elementos de imaxe comprendidos na proposta son o escudo, aprobado no ano 1990, e a imaxe aprobada pola Xunta de Goberno no ano 2008. Explica brevemente o Sr. Soto a simboloxía da imaxe, baseada nas sete follas de carballo que representan as sete parroquias, o tronco que simboliza un castelo e as liñas inferiores, polos dous vales que integran o territorio de San Sadurniño, con todo o que se trata de transmitir os valores naturais e culturais que se queren proxectar cara ó exterior.

O acordo foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

Toma a palabra o Sr. López Loureiro, para manifestar a súa disconformidade co feito de que non se poida usar o escudo, que segue a ser oficial, se alguén o desexa. No mesmo sentido pronúnciase o Sr. Márquez, para quen o escudo é un signo común de identidade, pero se oculta ou se elimina para potenciar o logo. Di que non comprende a razón de que se discrimine ó escudo, impedindo que ambos símbolos convivan pacíficamente. O Sr. Soto clarexa que nunca dixo que non se poidera usar o escudo, e o Sr. López Loureiro resposta que cando algunha entidade xustifica subvencións con publicidade na que se usa o escudo, pode haber problemas para o cobro. O Sr. Alcalde interven para dicir que cando alguén



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

asina un convenio de maneira voluntaria, non pode discutir despois o seu cumprimento.

O Sr. Soto di que o escudo pódese usar, que está na alfombra do salón de plenos, na fachada da Casa do Concello ou en documentos de grande importancia, como o convenio máis importante asinado ata a data; que non se oculta nin se elimina, senon que se trata doutra cousa, da imaxe corporativa aprobada nunha Xunta de Goberno na que ademáis estaba o Sr. Márquez como membro do grupo de goberno. Di tamén que son cousas distintas e se poden compatibilizar, e que respecta e entende as razóns do Sr. López Loureiro, pero lle causa sorpresa a actitude do Sr. Márquez, que formou parte do grupo de goberno durante anos sen expresar discrepancia algunha sobre este tema. Afirmar que non entrará nun debate artificial que non interesa ós veciños. Le seguidamente parte da acta do Pleno do ano 1990 no que se aprobou o escudo cunha forte oposición do PSOE que entón entendía que este era un símbolo confesional e de carácter feudal, e cuestiona o cambio radical de actitude dese partido nestes últimos vinte anos, para rematar insistindo en que se evite entrar en debates estériles e se centre o debate en cuestións importantes.

O Sr. Márquez di que non estaba no Concello no ano 90, e que respecta o dito entón, aínda que non se deu conta aquí de todo o debate daquel pleno, pero que estamos no presente e o debate prantéxase porque o regulamento proposto exclúe o escudo, e trátase dun debate prantexado polo BNG; sinala tamén o Sr. Márquez que se chegou ó extremo de tapar o escudo dalgúns colectores do lixo cunha pegatina do logo.

O Sr. Alcalde insiste en que son dúas cousas diferentes, e di tamén que o Sr. Márquez pode propoñer se quere un regulamento para o uso do escudo, e o Sr. Márquez solicita que se modifique a proposta de regulamento. O Sr. Alcalde, para dar fin ó debate, di que a regulación da identidade visual é a tendencia actual, como se fixo recentemente en concellos como As Somozas ou Lalín, e na Deputación de A Coruña. Non se prohíbe nada, senon que simplemente se regula o uso duns elementos de imaxe corporativa propostos por técnicos na materia, e a aplicación de modelos estandarizados na actividade municipal de carácter ordinario. En actos máis solemnes o escudo seguirá tendo protagonismo, e non vai ser eliminado dos lugares nos que actualment figura, como a fachada do Concello ou a alfombra do salón de plenos. Respecto ó tema dos colectores, di que pensa que foi unha proba das pegatinas e que non se deu orde algunha dende o Concello en tal sentido.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, dos concelleiros do BNG, con tres votos contrarios, dos do PP e unha abstención, do concelleiro do PSOE, acorda aprobar o “Regulamento da identidade visual do Concello de San Sadurniño”, segundo a



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

proposta feita polo grupo de goberno, ordeando a realización dos trámites precisos para a súa entrada en vigor coa brevidade posible.

SEXTO. ACORDOS RELATIVOS A EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA DE REHABILITACIÓN DO EDIFICIO ANEXO Ó PAZO DA MARQUESA.

Dase conta polo Sr. Alcalde de que o convenio asinado coa Deputación provincial para a financiación parcial da obra cunha cantidade máxima de 200.000 euros xa foi aprobado por esa entidade, e procede polo tanto iniciar a tramitación necesaria aprobando o expediente de contratación, que o grupo de goberno propón que se realice mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación e que o expediente sexa declarado urxente, debido á brevidade dos prazos de execución da obra e de xustificación do gasto que figuran no referido convenio, polo que tamén se propón que se valoren as ofertas de redución do prazo de execución. O proxecto para a execución desta obra de "Rehabilitación do edificio anexo ó Pazo da Marquesa" foi aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 03/11/12, e ten un importe total de execución por contrata de 345.728 euros.

O asunto foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, dos concelleiros do BNG, con catro abstencións, dos do PP e PSOE, acorda:

1º.- Aprobar o expediente incoado para a contratación, mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración, da execución da obra de "Rehabilitación do edificio anexo ó Pazo da Marquesa", especificando que o prego de cláusulas administrativas particulares para esta contratación será o prego-tipo aprobado pola Deputación con data do 25/05/12, e publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 103, do 01/06/12.

2º.- Aprobar o cadro de características do contrato correspondente á obra de que se trata, que se considera a tódolos efectos como parte integrante do prego de condicións, igual que o proxecto dese investimento, aprobado polo Pleno deste Concello na referida sesión do 03/11/12.

3º.- Especificar, ós efectos do establecido na cláusula 12.2.2 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, que serán obxecto de valoración as propostas de redución de prazos de execución das obras a contratar.

4º.- Facultar ó Sr. Alcalde Presidente, D. Secundino García Casal, tan amplamente como sexa preciso, para a realización dos trámites e a sinatura dos documentos necesarios para a plena efectividade do presente acordo, das que se dará conta ó Pleno, que acordará a adxudicación do correspondente contrato.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

SÉTIMO. MOCIÓN DO B.N.G. PARA A DERROGACIÓN DA LEI DE TAXAS XUDICIAIS.

Dase conta polo Sr. Soto da moción presentada polo BNG con data do 23/02/13, na mesma liña da emenda á totalidade presentada polo seu grupo no Parlamento, que foi rexeitada, criticando o que considera unha discriminación no acceso á xustiza por razón do nivel de renda de cada persoa, o que pon en cuestión o dereito á tutela xudicial do que fala a Constitución, lembrando o rexeitamento que a lei motivou en practicamente tódolos sectores sociais. Seguidamente da lectura ó contido da moción, que literalmente di:

“O pasado 17 de decembro de 2012 entraron en vigor as taxas xudiciais, logo de aprobárense os formularios de aplicación da Lei 10/2012, do 20 de novembro. Dita Lei grava a interposición de demandas en toda clase de procesos nos ámbitos civil e contencioso - administrativo, ademais dos recursos no eido social, con contías desproporcionadas, cuxos incrementos oscilan entre os 50 e os 750 euros, que incluso poden verse aumentadas en función da contía do preito xudicial.

As novas taxas xudiciais foron rexeitadas por unha ampla representación do sector xurídico, tanto profesionais como funcionarios e funcionarias da administración de xustiza, así como asociacións de consumidores e consumidoras, sindicatos e asociacións e colectivos de toda índole. Desde a súa entrada en vigor, sucedéronse as protestas de practicamente todo o colectivo que presta os seus servizos na administración de xustiza, polas dificultades que engade no acceso da cidadanía a dito servizo público, sen que leven apareladas outras reformas necesarias para mellorar a súa eficacia.

A Corporación municipal debe defender o acceso de todos os seus veciños e veciñas a un servizo público esencial, como é a xustiza, ao comprobarse que transcorridos apenas dous meses desde a entrada en vigor das taxas xudiciais universais, o sistema xudicial volve a ter unha barreira de acceso que vulnera o principio de igualdade. De feito, o descenso de asuntos nos xulgados é acusado, como comeza a desprenderse das estatísticas xudiciais.

Coas taxas xudiciais en vigor, a solicitude de tutela xudicial pola cidadanía queda condicionada pola súa condición económica ou posición social, dado que as taxas xudiciais non se calcularon en función do nivel de renda, nin moito menos cunha formulación equitativa e redistributiva.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza para que demande do Goberno do Estado a derogación da Lei 10/2012, que regula determinadas taxas no ámbito da administración de xustiza.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

2. Dar traslado do presente acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e Ministro de Xustiza."

O asunto foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

Toma a palabra de seguido o Sr. López Loureiro, para manifestar a súa disconformidade coa proposta, xa que considera que coa distinción por niveis de renda que a nova lei establece, queda garantido o dereito á xustiza gratuita das persoas que o precisan, e le seguidamente un escrito no que se expresan as motivacións da súa postura contraria á moción, e que literalmente di:

"A lei establece expresamente no seu artigo 4.2: "Desde el punto de vista subjetivo, están, en todo caso, exentos de esta tasa: a) Las personas a las que se les haya reconocido el derecho a la asistencia jurídica gratuita, acreditando que cumplen los requisitos para ello de acuerdo con su normativa reguladora".

- Aumenta o número de beneficiarios, ao recoñecer como tales ás vítimas de violencia de xénero, de terrorismo, de trata de seres humanos, menores e discapacitados psíquicos vítimas de abusos ou maltrato.

- Tamén se benefician da Xustiza Gratuíta quen por mor dun accidente sufran graves secuelas permanentes, cando o obxecto do litixio sexa a reclamación de indemnización polos danos persoais e morais sufridos.

- A elevación de limiares para acceder á Xustiza Gratuíta, que nalgúns casos chega ata a cinco veces o IPREM (Indicador Público de Renta de Efectos Múltiples).

Polo tanto, as taxas só gravan o acceso á xurisdición en determinados procesos daquelas persoas con capacidade económica, quedando exentas das mesmas os litigantes que gocen do beneficio da xustiza gratuíta. Ademais, a taxa será reintegrable, é dicir, no caso de sentenza favorable a taxa será devolta.

O Ministerio de Xustiza fixo súas algunhas das recomendacións da Defensora do Pobo respecto das taxas e a xustiza gratuíta.

As recomendacións que fai a Defensora do Pobo son sensatas, están moi ben fundamentadas e consolidan o principio dun sistema mixto de financiamento.

As modificacións finalmente aceptadas só supoñerán unha incidencia inferior ao 5% menos respecto dos 306 millóns de euros previstos na memoria do proxecto de lei de taxas aprobado o pasado mes de novembro, xa que esta recadación calculouse coa taxa fixa e esta apenas se modificou.

- A única modificación que se produce na taxa fixa é a prevista nos recursos contencioso-administrativos contra resolucións sancionadoras pecuniarias que non poderá superar o 50% do seu importe.

- Rebáixase do 0,5% ao 0,1% a cota variable que debe pagar unha persoa física en función da contía da súa pretensión. Ata agora o límite máximo de pago por este concepto estaba en 10.000 euros e agora redúcese a 2.000.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

-Estarán exentos de taxas as demandas de divorcio que se produzan de mutuo acordo e as reclamacións por incumprimentos de laudos de consumo.

-Modificarase a Lei de Enxuzamento Civil para que non se inclúan as taxas na condena en costas nos procedementos de execución hipotecaria.

En definitiva, a reforma na lei de taxas busca a eficacia e a racionalización do servizo, reducir a litixiosidade abusiva, garantir unha resposta áxil e de máxima calidade e todo elo baixo pautas de responsabilidade social, xa que esta revisión das taxas servirá para financiar a xustiza gratuíta."

Toma a palabra de seguido o Sr. Márquez, que amosa a súa conformidade coa moción do BNG, xa que entende que todos debemos ter acceso á xustiza en condicións de igualdade, e non se debe admitir discriminación algunha, e moito menos por diferencias económicas.

O Sr. Soto interven novamente para expoñer algúns exemplos de esaxerados incrementos das cantidades a satisfacer por determinadas actuacións xudiciais, que acadan entre o 25% e máis do 150%, sulñando que o único ámbito excluído da lei é o da xustiza militar e concluíndo que a proposta coincide co sentir da inmensa maioría da poboación

Sometido a continuación o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e do PSOE, con tres votos contrarios, dos do PP, do PP, acorda aprobar a moción de que se trata.

OITAVO. MOCIÓN DO B.N.G. A FAVOR DUNHA XESTIÓN ECOLÓXICA E SUSTENTÁBEL DO LIXO.

Pola Sra. García Pérez dase conta de maneira resumida do contido da moción presentada polo BNG con data do 23/02/13 que, literalmente di:

"A pesar da crise actual, en 2011 xeráronse en Galiza case 1,2 millóns de toneladas de residuos urbanos, que foron obxecto de tratamento nalgún dos tres modelos existentes no noso país: SOGAMA, NOSTIÁN e BARBANZA. Estes residuos conteñen cantidades importantes de recursos e o seu aproveitamento podería xerar moitos empregos e reducir os custos motivados pola súa xestión.

En Galiza, entre os anos 2009 e 2011 caeron as porcentaxes de recollida selectiva e reciclaxe de vidro e de papel. Globalmente, a reciclaxe baixou até as 120.000 toneladas en 2011, o que supón o 10,5% do lixo xerado. Isto causa grandes perdas ecolóxicas e económicas. Mais non ten porque ser así, como vén demostrando ano tras ano o plan comarcal de reciclaxe e compostaxe da BARBANZA. Na Barbanza reciclan o 45% do lixo fronte ao 8% do ámbito SOGAMA, e xeran 10 veces máis emprego que no ámbito SOGAMA. Na recollida selectiva, reciclaxe e compostaxe, traballan na Barbanza entre 140 e 150 persoas. Traducido isto a nivel galego, teríamos uns 5.000 empregos, que doutra forma se perden na súa maioría. A



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

implantación de proxectos comarcais de reciclaxe e compostaxe permitiría criar 3.000 empregos adicionais aos que ofrece o modelo incinerador de SOGAMA.

Os residuos de envases atinxen un 40% do lixo xerado, medio millón de toneladas en Galiza, dos que só se recuperan no ámbito SOGAMA o 15%. Ecoembes e a Xunta impuxeron aos concellos o modelo de recollida da bolsa e contedor amarelos para os residuos de envases. Un modelo que non está a funcionar e que permite a Ecoembes furtar aos concellos galegos a maior parte do financiamento que por lei debería achegar. Así, os concellos galegos seguen correndo cos gastos de recollida e tratamento do 85% destes residuos de envases, un custo que non lles corresponde sufragar.

Todo isto é indicativo do fracaso da actual política da Xunta de Galiza nesta cuestión, que nin resolveu os problemas de financiamento dos servizos de xestión de residuos, nin permitiu os mínimos avances ecolóxicos. A Xunta vén de modificar o plan de xestión PXRUG 2010-2020, mais non para avanzar na xestión ecolóxica do lixo e na sustentabilidade económica da mesma, senón para facilitar a instalación dunha nova incineradora en Cerceda, unha vez abortado o seu proxecto para O Irixo. Esta nova infraestrutura ten un orzamento previsto de 218 millóns de euros, o que suporá máis custos para os concellos e para o conxunto da cidadanía, menos empregos, menos recuperación de materiais reutilizables ou reciclables, e maiores taxas de contaminación.

Perante esta situación que está fóra de toda lóxica ambiental, social e económica, está en tramitación unha Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) co obxectivo de promulgar unha lei "para a aplicación efectiva dos principios de redución, reutilización e reciclaxe de residuos en Galiza", que son os prioritarios, consonte a normativa vixente, así como os proximidade e de autosuficiencia.

A instalación dunha nova incineradora é incompatíbel co obxectivo de redución do 10% e reutilización e reciclado do 50% dos residuos domésticos que fixa a normativa legal en vigor. E hoxe máis ca nunca debe terse en conta que a incineración preséntase como a alternativa máis custosa, a que menos emprego permite crear (entre 5 e 10 veces menos cá reciclaxe e compostaxe), e a que máis contaminación produce.

Asemade, atendendo ó principio de proximidade, as características propias do poboamento en Galicia fan imprescindible ter modelos de xestión próximos ós puntos de xeración de residuos, xa que o actual sistema xera uns elevados custos de transporte. Isto encarece o custo global da xestión, que repercute nas economías familiares, nos orzamentos municipais, e ademais causa unha importante contaminación atmosférica por mor do transporte en camiión ata a planta de tratamento.

Que a Xunta de Galiza abandone a idea de construír unha nova incineradora de residuos urbanos no noso país e que destine os fondos previstos a financiar



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

proxectos comarcais de reciclaxe e compostaxe; ou que o Goberno galego financie prioritariamente actuacións de recollida selectiva, acompañado de educación ambiental e implantación da compostaxe doméstica e comunitaria, contribuirá a que Galiza incremente a reciclaxe en máis de 300.000 toneladas, evitará unha nova planta centralizada de residuos e acadará até 3.000 empregos novos, distribuídos de forma xusta e solidaria.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

8. Expresar a implicación decidida desta corporación coa redución da produción de residuos, e coa mellora da súa xestión, para acadar maiores cotas de calidade no servizo e avanzar cara á sustentabilidade social, económica e ambiental do sistema.
9. Manifestar o apoio á tramitación da “proposición de lei para a aplicación efectiva dos principios de redución, reutilización e reciclaxe de residuos en Galiza”, actualmente en tramitación.
10. Solicitar o abandono por parte da Xunta da idea de construír unha nova incineradora de residuos urbanos en Galiza.
11. Solicitar que a Xunta modifique o PXRUG 2010-2020 e destine os fondos previstos para a incineradora ao financiamento de proxectos comarcais de reciclaxe, compostaxe ou dixestión anaerobia, que permitan a xeración de novos recursos, a creación de emprego nas diferentes localidades e alcanzar os obxectivos máis avanzados, quer de recollida selectiva e reciclaxe, quer de proximidade.
12. Solicitar da Xunta de Galiza, en aplicación do principio de cooperación e mercé ós fondos europeos que recibe para este tema, o financiamento prioritario das actuacións de mellora da recollida selectiva, incluíndo alí onde sexa axeitada a recollida porta a porta, así como a implantación da compostaxe doméstica e comunitaria.
13. Solicitar á Xunta de Galiza o financiamento e a cooperación directa cos municipios para desenvolver actuacións de prevención e redución de residuos a través da concienciación, da educación ambiental e da participación cidadá.
14. Solicitar á Xunta de Galiza que inste ó goberno estatal para que lexisle sobre os envases e a xeración de residuos, de cara a obrigar as empresas a ofreceren produtos coa menor cantidade posible de envases.
15. Expresar o compromiso do Concello de desenvolver un programa de concienciación e educación ambiental para a redución de residuos, así como mellorar o sistema de recollida, e propiciar a xestión dos residuos orgánicos mediante a compostaxe caseira.”



O asunto foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

Toma a palabra o Sr. López Loureiro, para ler un escrito de resposta a esta moción por parte do PP, que literalmente di:

“A Xunta prevía no Plan de Residuos tratar de reducir os desprazamentos do lixo ata a planta de SOGAMA. Nun principio se considerou a posibilidade de integrar no Plan a proposta dunha empresa (Estela Eólica) que finalmente non puido cumprir cos prazos e condicións impostas e ante a oposición veciñal, finalmente a Xunta manifestou a súa intención de levar a cabo unha ampliación das actuais instalacións en Cerceda, medida que conta coa aceptación inicial do Goberno municipal socialista naquel concello.

O novo Plan de Xestión dos Residuos Sólidos Urbanos de Galicia respecta o traballo feito polo anterior Goberno bipartito en moitos aspectos. Entre outras cousas, porque debe respectar os principios establecidos na estratexia europea de xestión de residuos e na estratexia galega do ano 2001. Ningún Plan de residuos pode saírse destes parámetros de referencia.

O novo Plan de Residuos de Galicia –para quen se preocupe por coñecelo e non tocar de oídas as melodías que outros compoñen- ten como eixes fundamentais:

- A estabilización da produción de residuos nunha primeira fase.
- A redución dun 10% nunha segunda fase (un obxectivo que o Plan bipartito non contemplaba)
- O tratamento da totalidade dos residuos e a redución dos depósitos, pasando do 53% actual a un 24% no 2020.
- O incremento da compostaxe dos residuos orgánicos, multiplicando por cinco os índices actuais.
- E o incremento na reutilización e a reciclaxe ata un 30% fronte ao 10% actual.

A incineración aparece como un proceso final para evitar o depósito da fracción resto. **SÓ SE INCINERA O QUE NON SE APROVEITA.** A incineración destinada á produción de enerxía eléctrica aparece como o principal método de valorización de residuos na nova Directiva europea marco 2008/98/CE.

O novo complexo (ou ampliación) será un centro de reutilización, reciclaxe, só incinerará aquilo que non se aproveite.

Estamos ante unha cuestión que esixe unha alta responsabilidade, individual e colectiva, e como tal debemos actuar, afastando posicionamentos partidistas.

SOGAMA acada uns resultados de emisións moi por debaixo do que establece a normativa ao respecto, ao contrario do que amosan os informes técnicos que están a verter afirmacións alarmistas e infundadas. SOGAMA goza dunha taxa de



eficiencia enerxética moi por encima dos 0,6-0,65 situándose dentro das Plantas máis eficientes de España.

En definitiva, a moción non responde á realidade e non pode ser apoiada:

- Mostra un descoñecemento completo do Plan de Xestión dos Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020.
- Impúttalle características e finalidades que non ten, fundamentalmente, sinalar como única e principal forma de tratamento a incineración.
- Oculta as vantaxes que representa, como a aposta pola redución dos residuos, o impulso da compostaxe, o incremento da reutilización e a reciclaxe, a redución dos depósitos en vertido e, só en último termo, a valorización enerxética do residuo non susceptible de aproveitamento.
- E, sobre todo, demostra a falta de rigor e de responsabilidade dun grupo político que esquece que este Plan de Residuos vén a resolver un problema acuciante que ten Galicia e, de forma moi especial, os concellos, que teñen na recollida e no tratamento dos residuos unhas das súas competencias e un dos seus maiores retos para a calidade e a protección do medio ambiente."

Interven seguidamente o Sr. Márquez, para sinalar o enorme volume dos residuos que producimos, orgánicos e inorgánicos, e o crecente custo da súa recollida e tratamento, así como a existencia de alternativas para reducir a produción e os gastos. Engade que hai traballo por facer tamén por parte dos concellos, que deben mellorar a súa parte da xestión dos residuos, mediante a realización de campañas de compostaxe e de concienciación dos veciños.

O Sr. Alcalde, en resposta ó anterior escrito do PP, di que non soamente nese partido hai expertos no tema, e que quen controla Sogama é Unión Fenosa, a quen beneficia economicamente o modelo de incinerar todo para producir enerxía, que é o que se fai cando ninguén mira, co resultado de que pagamos dúas veces, o custe de tratamento que pagan os concellos e máis a prima por produción, que sae dos nosos impostos. Di que o modelo é perverso, aínda que ninguén discute que unha parte dos residuos deben incinerarse, pero non todos, polo que é imperativo cambiar o modelo de xestión de residuos.

Sometido a continuación o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e do PSOE, con tres votos contrarios, dos do PP, do PP, acorda aprobar a moción de que se trata.

NOVENO. APROBACIÓN DUNHA DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA 8 DE MARZO.

O Sr. Alcalde di que os portavoces dos tres grupos políticos representados no Pleno acadaron un acordo sobre o texto dunha declaración institucional do



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

Concello con motivo do día 8 de marzo, día internacional da muller. O asunto foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

O contido desa declaración institucional é o seguinte:

“O 8 de marzo foi declarado en 1975 Día Internacional das mulleres pola ONU, data que marca a introducción no ámbito institucional e político das demandas feministas, factor determinante para o avance que veu experimentando a muller na conquista dos seus dereitos, pois non debemos esquecer que foron moitos os cambios que puidemos ver na nosa sociedade a favor da igualdade.

A celebración deste día, proporciónanos a ocasión de tributarlles unha merecida homenaxe a todas as persoas que foron artífices dos avances que en materia de igualdade temos hoxe.

Máis somos conscientes de que, a pesar dos logros acadados ao longo dos últimos anos, estamos a vivir un momento de especial fragilidade para o avance da igualdade entre mulleres e homes, determinado de xeito moi negativo polas políticas antisociais que estamos a padecer, e que usando como escudo a crise económica derivan nun claro aumento da fenda na igualdade entre persoas e un gravísimo retroceso nos dereitos de tódalas persoas, moi especialmente das mulleres, aumentando claramente a súa vulnerabilidade. Son claros exemplos a Reforma Laboral, modificación da Lei de Saúde Sexual e Reprodutiva e de Interrupción Voluntaria do Embarazo, os recortes en Sanidade e Educación, recortes en Programas de Servizos Sociais, desaparición de Preescolar na Casa, a redución de financiación para a atención á Dependencia, ou o escaso investimento en medidas de conciliación, a aplicación das taxas xudiciais etc... medidas todas elas que perxudican especialmente ás mulleres.

Marcarnos metas e asumir compromisos a favor da igualdade de xénero é un exercicio de responsabilidade especialmente importante nestes tempos. Non debemos olvidar que neste contexto existen alternativas, neste senso o Concello de San Sadurniño mantén unha postura firme e comprometida ao respaldar medidas que impulsen o avance das persoas con especial atención ás mulleres, así o sinala a recente avaliación do 1º Plano de Igualdade deste Concello. Aínda que ese primeiro Plano xa está esgotado, o traballo e o compromiso continúa desenvolvendo medidas que fomentan a empregabilidade co Sansa Cualifica, que favorecen cambios a nivel social co Programa de Educación Para a Igualdade no Centro Educativo de San Sadurniño, ou con Tempos para compartir espazo que favorece o empoderamento das mulleres, entre outras.

Máis somos conscientes de que queda moito por facer, e que é unha responsabilidade conxunta asumir estes retos, en favor do cal a Corporación Municipal declara o seu firme compromiso de fortalecer as políticas locais a favor da igualdade refrendamos os seguintes acordos:



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

1. A elaboración do II Plano de Igualdade entre Mulleres e Homes de San Sadurniño coa implicación de tódolos grupos desta Corporación Municipal.
2. Dar continuidade a programas que permiten a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, tal e como se vén facendo mediante Aldea de Verán.
3. Prestar especial atención a medidas relativas ao fomento da empregabilidade e ao emprendemento femininos a través do traballo coordinado entre as áreas de Igualdade, Benestar Social, Emprego e Desenvolvemento Local
4. Contribuír á eliminación das barreiras que seguen a perpetuar a discriminación das mulleres a través de accións educativas e preventivas dirixidas ao alumnado do CPI de San Sadurniño.
5. Realizar actos que difundan, visibilicen e recoñezan o labor de mulleres de San Sadurniño."

URXENCIA. Antes de pasar ó décimo e último punto da Orde do Día, rogos e preguntas, o Sr. Alcalde pregunta ós Sres. membros da Corporación, en cumprimento do sinalado no artigo 91-4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día da presente sesión.

Toma a palabra o Sr. Varela, para propoñer a inclusión dun punto con este carácter na orde do Día da presente sesión: a aprobación do Regulamento de acollemento civil do Concello de San Sadurniño.

Toma a palabra de seguido o Sr. Alcalde para propoñer a inclusión doutro punto urxente na orde do Día da presente sesión: a adopción dos acordos necesarios para a aprobación dunha nova ordenanza fiscal, que sería a número 22, reguladora da taxa por ocupación do dominio público local por parte de empresas explotadoras de servizos de subministros de interese xeral, cuxa aprobación non se incluíra na Orde do Día da presente sesión debido a un erro involuntario, e que quedou sobre a mesa para mellor estudo na anterior sesión plenaria.

Sometida de seguido a votación ordinaria a inclusión das propostas de que se trata como asuntos urxentes na Orde do Día da presente sesión, a Corporación, sen deliberación e por unanimidade dos seus once membros, acorda considerar os asuntos urxentes, polo que quedan incluídos na Orde do Día da presente sesión, pasándose de seguido ó seu debate.

URXENCIA. PRIMEIRO. APROBACIÓN DO REGULAMENTO DE ACOLLEMENTOS CIVÍS DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO.

Polo Sr. Varela dase conta da proposta de regulamento de que se trata, que resposta ás solicitudes que lle formularon algunhas persoas e a demandas propias destes tempos, que a administración debe recoller, como xa se ven facendo



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

noutros concellos. Especifica que o acollemento non produce efecto xurídico algún. O asunto foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

O Sr. Márquez toma a palabra brevemente para manifestar a súa conformidade coa proposta, que considera axeitada para regular unha situación nova. O Sr. López Loureiro pregunta se a iniciativa terá algún coste para o Concello, respostándolle o Sr. Varela que non.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda aprobar o Regulamento de que se trata, ordeando a realización dos trámites necesarios para a súa entrada en vigor coa brevidade posible. O texto dese Regulamento é o seguinte:

“Limiar:

O Concello de San Sadurniño ten como obxectivo fundamental avanzar decididamente cara a un desenvolvemento sustentable, que promova a creación de riqueza e emprego, a redución das desigualdades, a mellora dos servizos e a conservación dos recursos e ecosistemas naturais, segundo se recolle no seu Plan de acción da Axenda 21 Local.

Neste senso acredita no desenvolvemento social e na creación dun marco vivencial e de relacións interpersoais aberto, respectuoso, e adaptable ás diferenzas necesidades, sensibilidades e crenzas de cada unha das persoas que fan parte da nosa sociedade.

Malia que as dinámicas sociais principais non os teñen moi en conta, os nenos e as nenas son unha parte fundamental da nosa sociedade, pois entre outras cousas, son os que poderán manter a propia existencia da sociedade. E por iso cómpre ter medidas e procedementos que aseguren e garantan tanto o seu benestar, como os seus propios dereitos como membros activos da sociedade.

Por este motivo, o Concello de San Sadurniño fai propia a Declaración Universal dos Dereitos do Neno/a, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en 1959, así como o recollido na Convención de Dereitos do Neno/a, aprobada en 1989, e asume a responsabilidade garantir os dereitos que de forma universal, indivisible e interdependente, teñen todas as nenas e os nenos do mundo.

Para cumprir con estas obrigas o Concello debe fomentar, na medida das súas posibilidades, o respecto á dignidade de todos os nenos e nenas, creando as condicións precisas para que poidan gozar dunha infancia plena, saudable, educativa e participativa.

Asemade, os concellos, xa que son as Administracións máis próximas ás persoas, deben adoptar medidas para garantir o respecto á liberdade de elección nos ámbitos educativo, relixioso, cultural e político, así como fomentar unha educación que teña os seus alicerces nos valores democráticos, na tolerancia, na ética laica e na plena participación cidadá.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

Neste ámbito, o Concello de San Sadurniño vén aprobar o presente regulamento de acollementos civís de nenos e nenas.

Os acollementos civís dos nenos e nenas son actos de benvida á comunidade, no que os seus pais, nais, representantes legais, xunto cos padriños, madriñas e o Concello, institucionalizan o seu compromiso en prol dos dereitos dos menores, que son o símbolo do progreso da humanidade.

Con este acto preténdese iniciar aos nenos e nenas do Concello no longo camiño das actitudes cívicas, que lles leven por un porvir pacífico baseado nos valores indivisibles e universais da dignidade humana, a liberdade, a igualdade e a solidariedade.

ARTIGO 1.- OBXECTO

Constitúe o obxecto do presente regulamento a creación no Concello de San Sadurniño dun Rexistro Municipal, de carácter administrativo, dos actos de acollemento civil que se celebren no Concello, así como a regulación da súa celebración.

ARTIGO 2.- DEFINICIÓN E FINALIDADE

O acollemento civil é un acto de natureza civil e laica que ten por finalidade a presentación dos nenos e nenas á sociedade, coa pretensión de que se sintan integrados na comunidade e sexan partícipes dos dereitos, as liberdades e os deberes que a todos nos atinxen.

Estes actos de benvida á comunidade dos nenos e nenas reafirman o compromiso do municipio, xunto coa súa familia, tanto de velar pola súa educación e de defender e garantir os seus dereitos, como de avanzar cara a unha sociedade máis libre, xusta e democrática, na que os dereitos dos nenos e das nenas gocen dunha protección preferente.

ARTIGO 3.- RÉXIME XURÍDICO

O acollemento civil non produce efectos legais nin presupón ningún privilexio ou preferencia do neno ou nena no acceso aos servizos municipais.

O rexistro municipal de acollemento civil ten natureza administrativa, réxese polas normas recollidas neste regulamento, así como por outras que, con carácter complementario, se poidan ditar.

A inscrición no rexistro de acollementos civís non terá en ningún caso cualificación xurídica de acto, e unicamente será unha constatación administrativa dos acollementos civís que foren realizados no Concello de San Sadurniño.

ARTIGO 4.- REQUISITOS E PROCEDIMENTO

As inscricións e os acollementos realizaranse previa solicitude dos pais, nais ou titores legais, que deberán cumprir os requisitos seguintes:

- Que as persoas inscritas sexan nenos, nenas, mozos ou mozas menores de idade
- Que as persoas solicitantes teñan a condición de pais, nais ou titores legais



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

· Que algunha das persoas solicitantes sexa natural ou figure empadroada no Concello de San Sadurniño

O cumprimento dos dous primeiros requisitos anteriores quedará acreditado coa presentación do libro de familia ou do documento acreditativo semellante (certificación de nacemento do menor, acollemento ou adopción).

A solicitude formalizarase mediante o modelo normalizado que figura como anexo I ao presente regulamento. Deberá ser presentada con 40 días de antelación, no Rexistro de Entrada do Concello, achegando tamén os documentos de identidade dos solicitantes.

A documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos aos que se refire este artigo poderá presentarse con orixinais, copias auténticas ou compulsadas conforme á lexislación vixente.

Os pais poderán designar dúas persoas como máximo que actuarán como padriños ou madriñas na cerimonia, asumindo as ditas persoas os compromisos que aqueles en canto á formación do neno ou nena nos principios e valores democráticos, e debendo velar polo respecto dos seus dereitos.

Se a solicitude non reunise todos os requisitos, o Concello comunicará ás persoas interesadas a non procedencia da súa tramitación, e se lles facilitará un prazo de 15 días para que resolvan as deficiencias da súa solicitude.

No caso de que a solicitude estea completa tramitarase a petición, comunicándose ás persoas solicitantes, no prazo dun mes, o día e o lugar de celebración do acto.

ARTIGO 5.- CELEBRACIÓN

O acto de celebración do acollemento civil terá lugar na Casa do Concello, noutra instalación municipal ou noutro local proposto polas persoas solicitantes sempre e cando sexa axeitado e así se aprobe previamente polo Concello.

Será presidido polo alcalde ou alcaldesa, ou polo concelleiro ou concelleira en quen delegue.

Durante o acto procederase á lectura dalgún artigo da Declaración dos Dereitos do Neno/a ou da Convención sobre os Dereitos do Neno/a, do artigo 24 da Carta dos dereitos fundamentais da Unión Europea, dos artigos 39.3 e 39.4 da Constitución española, do artigo 4.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia, sen prexuízo da posibilidade de que as persoas solicitantes, padriños, madriñas ou autoridades poidan ler algún outro artigo ou texto relativo á natureza do acto.

Os representante legais, e mailos padriños e/ou madriñas, formularán o compromiso de educar o neno ou nena segundo os principios que se recollen neses textos e nas demais normas vixentes.

A celebración dos actos de acollemento civil poderán ser individuais ou colectivos, podendo asistir os familiares e amigos/as do neno ou nena, coas únicas limitacións que impoña o aforo da sala ou espazo non que se realice a cerimonia.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

O presidente, ou persoa na que delegue, levantará acta, que será asinada polos representantes legais do neno ou nena e, no seu caso, polos padriños e/ou madriñas.

ARTIGO 6. LIBRO DO REXISTRO

O rexistro materializarase nun libro-rexistro municipal, constituído por follas numeradas e seladas, legalizado coa sinatura da Secretaría e da Alcaldía.

No comezo e na fin do libro estenderanse as respectivas dilixencias de apertura e de peche.

O rexistro municipal non ten carácter público, expedíndose certificacións dos seus asentos exclusivamente a instancia de calquera das persoas solicitantes, pais, nais ou titores legais, así como dos propios nenos ou nenas inscritos unha vez acadada a súa maioría de idade, ou dos xuíces ou tribunais de Xustiza.

Nos asentos correspondentes incluíranse os seguintes datos:

- a) N° de inscrición
- b) Lugar e data de celebración da cerimonia
- c) Respecto da persoa acollida: nome, apelidos, enderezo e data de nacemento
- d) Respecto dos pais, nais ou titores: nome, apelidos, enderezo
- e) Respecto dos padriños e/ou madriñas: nome, apelidos, enderezo e documento de identidade
- f) Lugar e da inscrición

Poderán crearse libros auxiliares que sexan axeitados para o mellor funcionamento do rexistro.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Este regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto completo no Boletín Oficial da Provincia, e transcorrido o prazo sinalado no artigo 65.2 en relación co 70.2, ámbolos dous da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

ANEXO I:

SOLICITUDE DE ACOLLEMENTO CIVIL E DE INSCRICIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE ACOLLEMENTOS CIVÍS

Don/Dona, con Documento de identidade nº e Don/Dona, con Documento de identidade nº, empadroados en

EXPOÑEN

1. Que como pais/nais/titores da persoa menor de idade desexan celebrar o seu acto de acollemento civil
2. Que reúnen todos os requisitos esixidos no artigo 4 do Regulamento de acollementos civís.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

SOLICITAN

1. A celebración do acto de acollemento civil para o día de de 20....
2. Que sexa inscrito este acontecemento no Libro Rexistro de Acollementos Cívís do Concello de San Sadurniño
San Sadurniño, de do 20.....
Asdo. (solicitantes)

Documentos que achegan (risquen a correspondente):

- Fotocopia cotexada do Documento de identidade das persoas solicitantes
- Fotocopia cotexada do libro de familia ou certificación de nacemento, acollemento ou adopción

URXENCIA. SEGUNDO. ACORDOS RELATIVOS Á APROBACIÓN DE ORDENANZA FISCAL Nº 22, REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL E Á DERROGACIÓN TOTAL DA ORDENANZA FISCAL Nº 10.

Dase conta da non inclusión na Orde do Día da sesión plenaria, debido a un erro involuntario, dun punto adicado á aprobación dunha Ordenanza Fiscal, reguladora da Taxa pola ocupación do dominio público local, que sería a nº 22 e que é a proposta pola Diputación Provincial, que xestiona esta taxa por delegación do Concello, para a súa aplicación ás empresas explotadoras de servizos de subministrados de interese xeral, coa finalidade de mellorar e facilitar esa xestión. A aprobación desta nova ordenanza implicaría, segundo a proposta do grupo de goberno, a derogación total da que ata a data viña regulando o tributo de que se trata, que é a número 10. O expediente xa foi informado polo Secretario-Interventor, e o dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa competente do Concello.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda:

1º.- Aprobación da Ordenanza Fiscal nº 22 deste Concello, reguladora da taxa por ocupación do dominio público local a favor de empresas explotadoras de servizos de subministrados de interese xeral, ordeando a realización dos trámites necesarios para a súa entrada en vigor coa brevidade posible. O texto desa Ordenanza é o seguinte:

"Artigo 1º. FUNDAMENTO E NATUREZA

Ao amparo do previsto nos artigos 57, 20 e 24.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que regula a taxa por utilización privativa das vías públicas



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal.

Artigo 2º. FEITO IMPOÑIBLE

1.- Constitúe o feito imponible da taxa o desfrute da utilización privativa, ou os aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas ou entidades que utilizan o dominio público para prestar os servizos de subministracións que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou unha parte importante da veciñanza.

2.- O aproveitamento especial do dominio público producirase sempre que, para a prestación do servizo de subministración, se deban utilizar antenas, instalacións ou redes que materialmente ocupan o solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, con independencia de quen sexa o titular daquelas.

3.- En particular, comprenderán entre os servizos referidos nos apartados anteriores, as subministracións de auga, gas, electricidade, telefonía fixa e outros medios de comunicación que se presten, total ou parcialmente, a través de redes e antenas fixas que ocupan o dominio público municipal.

4.- O pagamento da taxa regulamentada nesta Ordenanza supón a exclusión expresa da exacción doutras taxas derivadas da utilización privativa ou o aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, necesarios para a prestación dos servizos de subministracións de interese xeral.

Artigo 3º. SUXEITOS PASIVOS

1.- Son suxeitos pasivos as empresas ou entidades explotadoras de servizos de subministración que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, tales como os de abastecemento de auga, subministración de gas, electricidade, telefonía (fixa) e outros análogos, así como tamén as empresas que explotan a rede de comunicación mediante sistemas de fibra óptica, televisión por cable ou calquera outra técnica, independente do seu carácter público ou privado.

A estes efectos, inclúense entre as empresas explotadoras dos ditos servizos as empresas distribuidoras e comercializadoras dos mesmos.

2.- Teñen a consideración de suxeitos pasivos as empresas ou entidades explotadoras a que se refire o apartado anterior, tanto se son titulares das correspondentes redes a través das cales se efectúan as subministracións como se, non sendo titulares das ditas redes, o son de dereitos de uso, acceso ou interconexión ás mesmas.

3.- Tamén serán suxeitos pasivos da taxa as empresas e entidades, públicas ou privadas, que presten servizos, ou exploten unha rede de comunicación no



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

mercado, segundo o disposto nos artigos 6 e concordantes coa Lei 32/2003, de 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

4.- As empresas titulares das redes físicas, ás cales nos lles resulte aplicable o que se prevé nos apartados anteriores, están suxeitas á taxa por ocupacións do solo, o subsolo e o voo da vía pública, regulamentada na Ordenanza fiscal correspondente.

Artigo 4º. SUCESORES E RESPONSABLES

1.- As obrigas tributarias pendentes das sociedades e entidades con personalidade xurídica disoltas e liquidadas transmitiranse aos socios, copartícipes ou cotitulares, que quedarán obrigados solidariamente ata os límites seguintes:

a) Cando non exista limitación de responsabilidade patrimonial, a contía íntegra das débedas pendentes.

b) Cando legalmente se limitase a responsabilidade, o valor da cota de liquidación que lles corresponda.

Poderán transmitirse as débedas xeradas na data de extinción da personalidade xurídica da sociedade ou entidade, aínda que non estean liquidadas.

2.- As obrigas tributarias pendentes das sociedades mercantís, en supostos de extinción ou disolución sen liquidación, transmitiranse ás persoas ou entidades que sucedan, ou sexan beneficiarios da operación.

3.- As obrigas tributarias pendentes das fundacións, ou entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, en caso de disolución das mesmas, transmitiranse aos destinatarios dos bens e dereitos das fundacións, ou aos partícipes ou cotitulares das ditas entidades.

4.- As sancións que procedan polas infraccións cometidas polas sociedades e entidades ás cales se refiren os apartados anteriores esixiranse aos sucesores daquelas, ata o límite do valor da cota de liquidación que lles corresponda.

5.- Responderán solidariamente da débeda tributaria as persoas ou entidades seguintes:

a) As que sexan causantes ou colaboren activamente na realización dunha infracción tributaria. A súa responsabilidade esténdese á sanción.

b) Os partícipes ou cotitulares das entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, en proporción ás súas respectivas participacións.

c) Os que sucedan por calquera concepto na titularidade de explotacións económicas, polas obrigas tributarias contraídas polo anterior titular e derivadas do seu exercicio.

Exceptúanse de responsabilidade as adquisicións efectuadas nun procedemento concursal.

6.- Responderán subsidiariamente da débeda tributaria:



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

a) Os administradores de feito ou de dereito das persoas xurídicas que non realizaran os actos necesarios da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas tributarias ata os límites seguintes:

- Cando se cometeran infraccións tributarias responderán da débeda tributaria pendente e das sancións.

- En supostos de cesamento das actividades, polas obrigas tributarias xeradas, que se atopen pendentes na fecha de cesamento, sempre que non fixeran o necesario para o seu pagamento ou tomaran medidas causantes da falta de pagamento.

b) Os integrantes da administración concursal e os liquidadores de sociedades e entidades que non realizaran as xestións necesarias para o cumprimento das obrigas tributarias xeradas con anterioridade.

7.- A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º- BASE IMPOÑIBLE E COTA TRIBUTARIA

1.- Cando o suxeito pasivo sexa titular da rede que ocupa o solo, subsolo ou voo das vías públicas, mediante a cal se produce o desfrute do aproveitamento especial do dominio público local, a base imponible está constituída pola cifra de ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente no termo municipal as empresas ou entidades sinaladas no artigo 3 desta Ordenanza.

2.- Cando para o desfrute do aproveitamento especial a que se refire o apartado anterior, o suxeito pasivo utilizara redes alleas, a base imponible da taxa está constituída pola cifra de ingresos brutos obtidos anualmente no termo municipal minorada nas cantidades que deba aboar ao titular da rede, polo uso da mesma.

3.- Para os efectos dos apartados anteriores, teñen a consideración de ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, foran obtidos pola mesma como contraprestación polos servizos prestados neste termo municipal, en desenvolvemento da actividade ordinaria; só excluíranse os ingresos orixinados por feitos ou actividades extraordinarias.

A título enunciativo, teñen a consideración de ingresos brutos as facturacións polos conceptos seguintes:

a) Subministracións ou servizos de interese xeral, propios da actividade da empresa que corresponden a consumos dos aboados efectuados no municipio.

b) Servizos prestados aos consumidores necesarios para a recepción da subministración ou servizo de interese xeral propio do obxecto da empresa, incluíndo os enlaces na rede, posta en marcha, conservación, modificación, conexión, desconexión e substitución dos contadores ou instalacións propiedade da empresa.

c) Alugamentos, canons, ou dereitos de interconexión percibidos doutras empresas subministradoras de servizos que utilicen a rede da entidade que ten a condición de suxeito pasivo.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

- d) Alugamentos que teñen que pagar os consumidores polo uso dos contadores, ou outros medios utilizados na prestación da subministración ou servizo.
- 4.- Non se incluírán entre os ingresos brutos, a estes efectos, os impostos indirectos que gravan os servizos prestados nin as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade que é suxeito pasivo da taxa.
- 5.- Non teñen a consideración de ingresos brutos procedentes da facturación os conceptos seguintes:
- a) As subvencións de explotación ou de capital que as empresas poidan recibir.
 - b) As indemnizacións esixidas por danos e prexuízos, a menos que sexan compensación ou contraprestación por cantidades non cobradas que se incluírán nos ingresos brutos definidos no apartado 3.
 - c) Os ingresos financeiros, como xuros, dividendos e calquera outros de natureza análoga.
 - d) Os traballos realizados pola empresa para o seu inmovilizado.
 - e) As cantidades procedentes de alleamentos de bens e dereitos que forman parte do seu patrimonio.
- 6.- As taxas regulamentadas nesta Ordenanza, esixibles ás empresas ou entidades sinaladas no artigo 3, son compatibles con outras taxas establecidas, ou que poida establecer o Concello, pola prestación de servizos ou realización de actividades de competencia local, das que as mencionadas empresas sexan suxeitos pasivos.
7. -A contía da taxa determinarase aplicando o 1,5 por 100 á base impositiva definida neste artigo.

Artigo 6º. PERÍODO IMPOSITIVO E XERACIÓN DA TAXA

- 1.- O período impositivo coincide co ano natural agás nos supostos de inicio ou cesamento na utilización ou aproveitamento especial do dominio público local necesario para a prestación da subministración ou servizo, casos nos que procederá aplicar o rateo trimestral, conforme ás seguintes regras:
- a) Nos supostos de altas por inicio de actividade liquidarase a cota correspondente aos trimestres que restan para finalizar o exercicio, incluído o trimestre no que ten lugar a alta.
 - b) No caso de baixas por cesamento de actividade liquidarase a cota que corresponda aos trimestres transcorridos dende o inicio do exercicio, incluíndo aquel no que se orixina o cesamento.
- 2.- A obriga de pagamento da taxa regulamentada nesta Ordenanza nace nos momentos seguintes:
- a) Cando se trata de concesións ou autorizacións de novos aproveitamentos, no momento de solicitar a licenza correspondente.
 - b) Cando o desfrute do aproveitamento especial a que se refire o artigo 1 desta ordenanza non requira licenza ou autorización, dende o momento en que se



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

iniciou o devandito aproveitamento. A tal efecto, enténdese que comezou o aproveitamento especial cando se inicia a prestación de servizos aos usuarios que o soliciten.

3.- Cando os aproveitamentos especiais do solo, subsolo ou voo das vías públicas se prolonguen durante varios exercicios, a xeración da taxa terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural.

Artigo 7º. RÉXIME DE DECLARACIÓN E INGRESO

1.- Establécese o réxime de autoliquidación para cada tipo de subministración, que terá periodicidade trimestral e comprenderá a totalidade dos ingresos brutos facturados no trimestre natural ao que se refira. O cesamento na prestación de calquera subministración ou servizo de interese xeral, comporta a obriga de facer constar esta circunstancia na autoliquidación do trimestre correspondente, así como a data de finalización.

2.- Poderase presentar a declaración final o último día do mes seguinte ou o inmediato hábil posterior a cada trimestre natural. Presentarase ao Concello unha autoliquidación para cada tipo de subministración efectuado no termo municipal, especificando o volume de ingresos percibidos por cada un dos grupos integrantes da base imponible, segundo detalle do artigo 5.3 desta Ordenanza. A especificación referida ao concepto previsto na letra c) do mencionado artigo, incluírán a identificación da empresa ou empresas subministradoras de servizos ás que se facturarán cantidades en concepto de peaxe.

A contía total de ingresos declarados polas subministracións a que se refire o apartado a) do mencionado artigo 5.3 non poderá ser inferior á suma dos consumos rexistrados en contadores, ou outros instrumentos de medida, instalados neste Concello.

3.- As empresas que utilicen redes alleas deberán acreditar a cantidade satisfeita aos titulares das redes co fin de xustificar a minoración de ingresos a que se refire o artigo 5.2 da presente Ordenanza. Esta acreditación acompañarase da identificación da empresa ou entidade propietaria da rede utilizada.

4.- Expedirase un documento de ingreso para a persoa interesada, que lle permitirá satisfacer a cota nos lugares e prazos de pagamento que se indiquen.

Por razóns de custo e eficacia, cando da declaración trimestral dos ingresos brutos se deriven dunha liquidación de cota inferior a 6 euros, acumularase á seguinte.

5.- A presentación das autoliquidacións despois do prazo fixado no punto 2 deste artigo comportará a esixencia das recargas de extemporaneidade, segundo o disposto no artigo 27 da Lei Xeral Tributaria.

6.- A empresa "Telefónica de España, S.A.U.", á cal cedeu Telefónica, S.A. os diferentes títulos habilitantes relativos a servizos de telecomunicacións básicas en España, non deberá satisfacer a taxa porque o seu importe queda englobado na compensación do 1,9% dos seus ingresos brutos que satisfai este Concello.



As restantes empresas do “Grupo Telefónica” están suxeitas ao pagamento da taxa regulamentada nesta ordenanza.

Artigo 8º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS

1.- A falta de ingreso da débeda tributaria que resulta da autoliquidación correcta da taxa dentro dos prazos establecidos nesta ordenanza, constitúe infracción tributaria tipificada no artigo 191 da Lei Xeral Tributaria, que se cualificará e se sancionará consonte o disposto no devandito artigo.

2.- O resto de infraccións tributarias que se poidan cometer nos procedementos de xestión, inspección e recadación desta taxa tipificaranse e sancionaranse de acordo co que se prevé na Lei Xeral Tributaria, no Regulamento Xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributarias, aprobado por Real Decreto 1065/2007 e na Ordenanza Xeral de Xestión, Inspección e Recadación dos ingresos de dereito público municipais.

3.- A falta de presentación de forma completa e correcta das declaracións e documentos necesarios para que se poida practicar a liquidación desta taxa constitúe unha infracción tributaria tipificada no artigo 192 da Lei Xeral Tributaria, que se cualificará e se sancionará consonte o disposto no devandito artigo.

Disposición adicional 1ª. MODIFICACIÓN DOS PRECEPTOS DA ORDENANZA E DAS REFERENCIAS QUE FAI Á NORMATIVA VIXENTE, CON MOTIVO DA PROMULGACIÓN DE NORMAS POSTERIORES

Os preceptos desta Ordenanza fiscal que, por razóns sistemáticas reproduzan aspectos da lexislación vixente e outras normas de desenvolvemento, e aquelas nas que se fagan remisións a preceptos desta, entenderase que son automaticamente modificados e/ou substituídos no momento no que se produza a modificación dos preceptos legais e regulamentarios de que traen causa.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal, aprobada provisionalmente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 2 de marzo de 2013 e que quedou definitivamente aprobada en data __ de 2013, rexerá dende a súa entrada en vigor e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.”

2º.- Ordear a realización dos trámites necesarios para a entrada en vigor da Ordenanza Fiscal de que se trata coa brevidade posible.

3º.- Aprobar a derogación total da Ordenanza Fiscal nº 10, reguladora da Taxa por ocupación de subsolo, solo e voo de terreos de uso público local, especificando que esta derogación soamente será efectiva e farase pública cando entre en vigor a Ordenanza Fiscal nº 22, indicada nos apartados anteriores do presente acordo.

DÉCIMO. ROGOS E PREGUNTAS.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

O Sr. Alcalde pregunta ós concelleiros presentes se teñen rogos que formular.

O Sr. Márquez formula o rogo de que se faga unha canalización eficiente das augas pluviais no camiño que se vai realizar na zona de Eirexado, en Naraío, dentro do PEIM 2013.

O Sr. Alcalde resposta que xa está prevista esa canalización, aínda que non figura no proxecto da obra do PEIM, polo que probablemente terá que ser asumida polo Concello.

Non habendo máis rogos, o Sr. López Loureiro pregunta polo convenio asinado hai varios anos cunha cooperativa local, vinculada á redacción do plan urbanístico.

O Sr. Alcalde di que o convenio de que se trata, asinado no 2007, é beneficioso para as dúas partes, para o Concello pola adquisición de solo público e para a cooperativa pola revalorización que se preve para outras fincas da súa propiedade como consecuencia da aprobación do Plan Xeral de Ordenación que se está a redactar. O prazo de vixencia era de cinco anos, e neste momento se está á busca dunha solución. Di tamén o Sr. Alcalde que se trata dun exemplo de convenio urbanístico bo, que compensa a a adquisición de solo mediante calificacións urbanísticas.

O Sr. López Loureiro toma a palabra de novo para indicar que o prazo de vixencia do convenio rematou en decembro e que en caso de incumprimento, debía aboarse unha compensación económica, e pregunta de quen é o terreo.

O Sr. Alcalde di que o terreo é por suposto do Concello e que ó remate do prazo inicialmente previsto, prantexouse a posibilidade dunha prórroga que permita cumprir os obxectivos do convenio, explicando novamente as razóns polas que se considera beneficioso para as dúas partes. Se non fose posible cumprir o convenio, habería que pagar a finca, acadando un acordo razoable sobre o seu prezo, xa que o convenio non inclúe unha previsión concreta ó respecto.

O Sr. Márquez interven de seguido, para indicar que as respostas dadas pola Alcaldía ás súas preguntas dos últimos plenos sobre a data de remate da redacción do Plan Xeral resultaron non ser certas, e para preguntar se hai data prevista para a presentación do avance.

O Sr. Alcalde resposta que está á espera de que a empresa encargada da redacción lle faga chegar o documento, que está recibindo xa os últimos retoques, e que a causa do retraso é que esa empresa está sobrecargada de traballo porque ten contratada a redacción de moitos documentos similares, pero que espera que se poida coñecer o seu contido antes do próximo pleno, sempre que a Xunta non faga máis cambios normativos que obriguen a reprantexar o documento.



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

Seguidamente, sendo as doce horas e cincuenta e sete minutos, suspéndese a sesión polo Sr. Alcalde para permitir que as persoas asistentes ó Pleno poidan intervir e formular preguntas ós membros da Corporación.

Reanúdase a sesión sendo as trece horas e doce minutos.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as trece horas e doce minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,